

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

ORDE do 31 de xullo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro familiar para persoas coidadoras e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento BS614B).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 1, que os poderes públicos galegos deberán posibilitar que a liberdade e a igualdade das persoas sexa real e efectiva, facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, social e cultural. Así mesmo, establece, no artigo 3, como un dos obxectivos do Sistema galego de servizos sociais «garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia».

Do mesmo xeito, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recoñece, no seu artigo 6, como un dos principios de responsabilidade política o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.

A Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 2/2025, do 20 de xaneiro, posúe, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria e da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, entre outras, a competencia para impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, das persoas con discapacidade e persoas dependentes, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Esta convocatoria pretende continuar co avance na mellora da conciliación das familias galegas e seguir fomentando novas actividades, coa finalidade de que estas dispoñan dun abano amplo de posibilidades que dean resposta aos supostos de necesidades puntuais e, para tal efecto, mantéñense as tres modalidades de respiro recollidas na convocatoria dos anos anteriores: a modalidade de respiro no fogar, a de respiro nun centro de día e a de respiro nun centro residencial.



Deste xeito estámoslles prestando apoio ás persoas coidadoras e facilitamos que poidan manter a súa vida social, familiar e de lecer, ao tempo que mantemos unha mellor calidade de vida de todas as persoas implicadas.

O aumento da esperanza de vida incrementou a proporción de persoas que precisan de apoios para poder realizar as actividades básicas da vida diaria. A achega predominante da familia na provisión de coidados ás persoas en situación de dependencia ou discapacidade ou en situación de necesidade de terceiras persoas para o desenvolvemento das actividades da vida diaria precisa de medidas de apoio no medio familiar que permitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e o descanso das persoas coidadoras, o que supón a necesidade de diversificar os programas orientados á atención das persoas en situación de dependencia e de fomentar alternativas á clásica atención residencial.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ten en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Para a finalidade desta orde, existe na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, na aplicación orzamentaria 08.05.312D.480.3 crédito adecuado e suficiente.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas cales se rexerá a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a persoas coidadoras dentro do programa Respiro familiar para persoas coidadoras para o exercicio 2026 (código de procedemento BS614B), así como realizar a súa convocatoria.



2. Para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas coidadoras, defínense as actuacións subvencionables nunha única axuda a través das seguintes modalidades do citado programa e incompatibles entre sí:

a) Modalidade de respiro no fogar, nas condicións detalladas no artigo 5.1, para financiar os gastos da atención puntual, integral e directa no propio fogar da persoa dependente ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante un informe médico e social.

b) Modalidade de respiro nun centro de día, nas condicións detalladas no artigo 5.2, para financiar os gastos da atención puntual, integral e directa en centros de día da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Modalidade de respiro nunha residencia, nas condicións detalladas no artigo 5.3, para financiar o gasto das estadias temporais en centros residenciais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Financiamento*

1. As axudas convocadas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería de Política Social e Igualdade cun orzamento de setecentos trinta e cinco mil douscentos catro euros con noventa e tres céntimos (735.204,93 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 08.05.312D.480.3 (código de proxecto 2011-00664), na cal existe crédito adecuado e suficiente na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

2. Serán subvencionables os gastos xerados no ano 2026 dos servizos constituídos polas actuacións sinaladas no artigo 5, que se desenvolvan no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 21 de novembro de 2026, segundo o que nel se indica.

3. Realizarase unha desconcentración de crédito entre os departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade, en función do número de solicitudes presentadas en cada provincia, de modo que se garanta que, no caso de que o crédito se esgote, se respecte en todo caso a orde de presentación de solicitudes no ámbito autonómico. A Consellería de Política Social e Igualdade publicará no *Diario Oficial de Galicia* e no portal da Consellería de Política Social e Igualdade o esgotamento da partida orzamentaria e non admitirá as posteriores solicitudes destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.



4. De acordo co previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento derive dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo; ou cando proveñan dunha transferencia de crédito.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo de aprobar a modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que implique a apertura dun prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3. Persoas beneficiarias da subvención

Poderán ser beneficiarias das axudas económicas deste programa aquelas persoas coidadoras habituais non profesionais que atendan de forma continuada unha ou máis persoas dependentes ou con discapacidade ou en situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante un informe médico e social.

Cada persoa atendida dá lugar a unha única axuda que pode ser compartida por dúas ou máis persoas coidadoras. Neste caso a axuda repartirase proporcionalmente ao gasto xustificado por cada unha das persoas coidadoras.

Artigo 4. Requisitos para acceder á subvención

1. Para que a persoa coidadora sexa beneficiaria da subvención, é necesario que concurran os seguintes requisitos:

a) Que a persoa coidadora solicitante da subvención e a persoa ou persoas que atenda sexan residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Que a persoa atendida se encontre nalgunha das seguintes situacións:

1º. Que presente unha discapacidade física, psíquica ou mental e necesite axuda de terceiras persoas para as actividades da vida diaria, e que teña recoñecida polo organismo competente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 75 %.

2º. Que teña recoñecida a situación de dependencia polo organismo competente no graos II ou III.



3º. Que a persoa atendida, no caso de non encontrarse nas situacións enumeradas nos ordinais anteriores, presente unha situación de necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, acreditada mediante un informe médico e social.

2. Ademais, as persoas coidadoras, para seren beneficiarias da subvención, teñen que cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 5. *Tipo de axuda e contía*

1. Na modalidade de respiro no fogar, a axuda consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento do servizo de atención a domicilio para atender necesidades puntuais nos supostos convenientemente acreditados.

A través desta modalidade, prevista para dar resposta ás demandas concretas das familias e das persoas coidadoras, por espazos de tempo definidos e non moi longos, contribuírase á prestación dunha atención integral e directa no propio fogar da persoa dependente, con discapacidade ou con necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria, co obxectivo de manter estas persoas no seu domicilio e ofrecerlle á súa persoa coidadora habitual a posibilidade de dispoñer dunhas horas para o seu descanso persoal ou ben para cubrir as súas necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e das responsabilidades familiares que se produzan.

O servizo poderá prestalo unha entidade autorizada para proporcionar o servizo de axuda no fogar e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) ou persoal profesional legalmente acreditado con formación específica en atención a persoas con necesidades especiais e contratado directamente pola persoa coidadora solicitante da subvención. As actuacións do servizo cubrirán os coidados persoais e de acompañamento que necesita a persoa atendida en ausencia das persoas coidadoras. Pódense prestar as seguintes tarefas:

- a) Asistencia para levantarse e deitarse.
- b) Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- c) Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- d) Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.



e) Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

f) Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

g) Calquera outra tarefa implícita no desenvolvemento das anteriores.

Cando nun domicilio se atenda a máis dunha persoa, as tarefas que se presten deberán ser compatibles coa vixilancia e atención de todas elas.

A axuda dirixida ás persoas beneficiarias que se establecen no artigo 3 consistirá nunha achega que pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións subvencionables, cun máximo de 1.000 euros por persoa beneficiaria/ano.

A contía da axuda farase efectiva unha vez que se presente a documentación establecida no artigo 16.

A persoa ou as persoas coidadoras solicitantes da subvención serán as que lles aboan ás entidades ou persoas prestadoras do servizo de atención a domicilio o importe total do custo do servizo recibido. O vínculo entre a persoa atendida e a persoa ou as persoas coidadoras solicitantes acreditarase de acordo co establecido no artigo 8.1.i).

2. Na modalidade de respiro nun centro de día, a axuda consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento do servizo de atención no centro de día co fin de atender as necesidades puntuais nos supostos convenientemente acreditados.

O obxectivo desta modalidade é atender a persoa dependente, con discapacidade ou con necesidade de terceiros para as actividades da vida diaria no centro de día e ofertarlle á súa persoa coidadora habitual a posibilidade de dispoñer dunhas horas para o seu descanso persoal ou ben para cubrir as súas necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e das responsabilidades familiares que se produzan.

O servizo deberá ser prestado por unha entidade autorizada como centro de día, inscrita no RUEPSS e que conte coa autorización correspondente para a prestación do devandito servizo. As actuacións do servizo cubrirán os coidados persoais e de acompañamento que necesita a persoa atendida en ausencia das persoas coidadoras. Pódense prestar as seguintes tarefas:

a) Apoio nas actividades da vida diaria.

b) Servizo de comedor con menús e dietas adaptadas.



c) Aseo, hixiene persoal e mobilización.

d) Actividades destinadas á promoción da saúde física e da autonomía persoal.

e) Servizos terapéuticos e de entretemento como terapia ocupacional, traballo social, atención social, servizo de animación, obradoiros, excursións, control nutricional.

f) Servizos complementarios como transporte adaptado, peiteado, podoloxía, fisioterapia, psicoloxía ou xeriatría.

g) Administración da medicación oral segundo prescrición.

A axuda dirixida ás persoas beneficiarias que se establecen no artigo 3 consistirá nunha achega que pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións subvencionables, cun máximo de 1.000 euros por persoa beneficiaria/ano.

A contía da axuda farase efectiva unha vez que se presente a documentación establecida no artigo 16.

A persoa ou as persoas coidadoras solicitantes da subvención serán as que aboen no centro de día correspondente o importe total do custo do servizo recibido. O vínculo entre a persoa atendida e a persoa ou as persoas coidadoras solicitantes acreditarase de acordo co establecido no artigo 8.1.i.).

3. A modalidade de respiro nunha residencia consistirá nunha achega para contribuír ao pagamento do centro residencial ante unha necesidade puntual nos supostos convenientemente acreditados.

Para dar resposta á necesidade de descanso da persoa coidadora, esta modalidade de subvención destinarase a sufragar os gastos das estadias temporais da persoa en situación de dependencia ou con discapacidade atendida nun centro residencial inscrito no RUEPSS e dotado dos recursos necesarios para prestarlle unha atención integral.

A modalidade de atención residencial incluírá os seguintes servizos, entre outros:

a) Aloxamento e manutención completa en cuartos dobres adecuados ás limitacións e necesidades das persoas atendidas. No caso de que unha persoa atendida desexe ocupar un cuarto individual, isto estará supeditado á dispoñibilidade do centro e deberá aboar pola súa conta o pagamento do suplemento que lle corresponda.



b) Menú axeitado baixo supervisión médica.

c) Atención integral que comprende coidado persoal, control e protección, prestación das axudas necesarias para a realización das actividades da vida diaria como o aseo, o vestido, a comida.

d) Atención médica, psicolóxica e social tendo en conta as indicacións e o tratamento que os profesionais lles prescribisen ás persoas usuarias, de ser o caso.

A axuda dirixida ás persoas beneficiarias que se establecen no artigo 3 consistirá nunha achega que pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións subvencionables, cun máximo de 1.500 euros por persoa beneficiaria/ano.

A contía da axuda farase efectiva unha vez que se presente a documentación establecida no artigo 16.

A persoa ou as persoas coidadoras solicitantes da subvención serán as que aboan na residencia na que se prestou o servizo o importe total do custo da estadía. O vínculo entre a persoa atendida e a persoa ou as persoas coidadoras solicitantes acreditarase de acordo co establecido no artigo 8.1.i).

Artigo 6. *Concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas*

1. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

2. No caso de se percibiren outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, supere o custo do servizo recibido.

4. A persoa coidadora solicitante da subvención declarará, segundo proceda, xunto coa solicitude, todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a



mesma finalidade mediante o formulario establecido para o efecto nesta orde (anexo I), o cal terá que volver achegar actualizado sempre que varíe a situación inicialmente declarada.

Artigo 7. *Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Para presentar electronicamente as solicitudes, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. O prazo para presentar as solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 15 de outubro de 2026.

Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil, segundo o artigo 30.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As persoas coidadoras solicitantes da subvención deberán achegar, xunto co anexo I de solicitude, a seguinte documentación:

a) Anexo II, relativo á comprobación de datos de terceiras persoas interesadas da persoa con discapacidade ou dependente ou con necesidade de terceiras persoas para as actividades da vida diaria.

b) Informe social emitido pola rede pública relativo á persoa dependente, segundo o modelo do anexo III ou no modelo unificado (ISU), só naqueles casos nos que non exista recoñecemento do grao de dependencia ou nos que variasen as circunstancias desde a valoración da dependencia.

c) Copia do contrato da prestación de servizos para a modalidade de respiro nunha residencia, que debe axustarse ao período subvencionable, asinado pola entidade responsable da residencia e pola persoa solicitante.



d) Copia do contrato asinado coa entidade prestadora do servizo de axuda no fogar ou contrato ou ampliación do contrato do persoal legalmente habilitado con formación específica en atención a persoas con necesidades especiais para a modalidade de respiro no fogar e asinado pola persoa solicitante e que debe axustarse ao período subvencionable.

e) Copia do contrato de prestación de servizos para a modalidade de respiro nun centro de día, que debe axustarse ao período subvencionable, asinado pola entidade responsable do centro de día e asinado pola persoa solicitante.

f) Informe médico relativo á persoa dependente, segundo o modelo do Servizo Galego de Saúde, só naqueles casos nos que non exista recoñecemento do grao dependencia.

g) Declaración responsable da persoa coidadora da situación de respiro ou descanso persoal.

h) Certificado do grao de discapacidade da persoa dependente se non fose expedido pola Xunta de Galicia.

i) Declaración responsable ou documento que acredite oficialmente a situación ou vínculo familiar da persoa coidadora solicitante da subvención coas persoas atendidas.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os devanditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou



existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no punto anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. Ademais, na epígrafe correspondente do anexo I farase constar:

a) O conxunto de todas as axudas concedidas para a mesma finalidade que a solicitada ao abeiro desta orde.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan coa solicitude son certos.

c) Que non se está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Que se está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración xeral do Estado e coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Que se está ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Que a persoa solicitante se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo no que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.



A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

4. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se considerará que desisten da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no artigo 21 da devandita lei.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio de expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os devanditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Documento nacional de identidade (DNI)/número de identidade de estranxeiro/a (NIE) da persoa coidadora solicitante da subvención e da persoa dependente ou con discapacidade atendida.

b) Documento nacional de identidade (DNI)/número de identidade de estranxeiro/a (NIE) da persoa representante.

c) Datos de residencia con data da última variación do padrón da persoa coidadora solicitante da subvención e da persoa dependente ou con discapacidade atendida.

d) Ademais, o certificado do grao de discapacidade cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o certificado do grao de discapacidade da persoa dependente atendida expedido pola Xunta de Galicia.

e) Certificado de que a persoa solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración da comunidade autónoma de Galicia.



f) Certificado de que a persoa solicitante está ao día no pagamento á Seguridade Social.

g) Certificado de estar ao día no pagamento de débedas tributarias coa AEAT.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente (anexo I e anexo II) e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Instrución do procedemento*

1. A instrución do procedemento correspóndelles aos servizos competentes en materia de dependencia e autonomía persoal dos departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade.

2. De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para tramitar o procedemento comezará a instrución dos procedementos seguindo a orde de presentación das solicitudes, de acordo co disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e emitirá a proposta da concesión da subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, e poderalle requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

3. En todo caso, non se admitirán a trámite, dítase a resolución de inadmisión e arquivan as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

Artigo 12. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes de axudas, logo da fiscalización da proposta, facendo uso do previsto no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, correspóndelles, por delegación



da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, ás persoas titulares dos departamentos territoriais da devandita consellería, que deberán resolver no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta do órgano instructor.

2. A resolución fixará os termos da axuda e considerárase ditada polo órgano delegante.

3. O prazo para resolver e notificar a resolución das axudas será de tres meses, que se contarán desde o día seguinte ao da data na que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Logo de que transcorra o devandito prazo sen ditar resolución expresa, as solicitudes poderán considerarse desestimadas.

Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos consideraranse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e consideraranse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 14. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro da presente orde poranlle fin á vía administrativa e contra elas poderá interporse, ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ben directamente o recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación, se esta fose expresa, ou de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

No caso de interpor o recurso de reposición, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso.

Artigo 15. *Modificación da resolución de concesión*

De acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión a alteración das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Artigo 16. *Pagamento e xustificación da axuda*

Unha vez que se lles notifique a resolución de concesión, as persoas beneficiarias disporán da subvención logo de achegar ao departamento territorial correspondente a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento (anexo IV).

b) Copia das facturas acreditativas dos gastos realizados a nome da persoa beneficiaria da axuda e nas que conste expresamente a identificación (nome e DNI) da persoa atendida que recibe o servizo, o día e hora/s nos que se prestou e o nome e o NIF da persoa, empresa ou entidade que emite a factura e prestou o servizo.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.



c) Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento da factura. Aceptarase a xustificación do pagamento en efectivo mediante un xustificante de recepción da persoa provedora asinado sobre a factura, con indicación do nome e apelidos de quen recibe os fondos e do seu DNI, para gastos inferiores a 1.000 euros, conforme o previsto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No suposto de producirse algunha variación respecto do declarado no momento de presentación da solicitude, deberáselle comunicar ao departamento territorial da Consellería de Política Social e Igualdade correspondente con carácter inmediato. Así mesmo, indicárase na solicitude de pagamento o número da conta corrente na que se debe ingresar a axuda.

Esta documentación deberá ser remitida ao departamento territorial correspondente con data límite do 1 de decembro de 2026.

Logo de que transcorra o prazo establecido de xustificación sen que a presentase perante o órgano administrativo competente, este requirirá a persoa beneficiaria para que, no prazo improrrogable de dez días, a achegue debidamente.

Os departamentos territoriais realizarán as comprobacións necesarias antes do pagamento da axuda e poderán exixir xustificacións complementarias cando se dean circunstancias obxectivas que así o demanden.

Artigo 17. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e especificamente:

a) A facilitarlles aos órganos competentes toda a información necesaria para asegurar o cumprimento da finalidade da axuda concedida, particularmente a que sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

b) A destinar a axuda á finalidade para a cal se concede.

c) A comunicar calquera alteración das condicións que motivaron o seu outorgamento.



Artigo 18. Reintegro

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da axuda ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e, de ser o caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e ás persoas beneficiarias, así como os compromisos asumidos por estas, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

f) Incumprimento das condicións impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e ás persoas beneficiarias, así como os compromisos asumidos por estas, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxec-



tivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 107 a 109 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

2. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro parcial no suposto de non comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión do servizo subvencionado, o que suporá a perda dun 5 % do importe da subvención concedida. Esta porcentaxe do 5 % aplicarase unha vez que se desconte o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

3. Para facer efectiva a devolución á que se refiren os puntos anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante o ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82 2080 0300 87 3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de mora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A persoa beneficiaria deberá presentar perante o órgano concedente unha copia xustificativa da devolución voluntaria realizada na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e a denominación da subvención concedida.



Artigo 19. Réxime de infraccións e sancións

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 20. Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código BS614B, poderase obter documentación normalizada ou información na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e no portal da Consellería de Política Social e Igualdade (<http://politicasocial.xunta.gal>).

Artigo 21. Transparencia e bo goberno

1. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as axudas concedidas ao abeiro desta orde non se publicarán por ser un dos supostos de excepción previstos nas devanditas normas.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira. Delegación de competencias

Apróbase a delegación de competencias nas persoas titulares dos departamentos territoriais correspondentes da Consellería de Política Social e Igualdade para resolver a concesión, a denegación, a modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar os gastos e ordenar os correspondentes pagamentos ao abeiro do establecido no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Disposición adicional segunda. Base de datos nacional de subvencións

A Consellería de Política Social e Igualdade transmitirlle á base de datos nacional de subvencións a información necesaria de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria e a persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para ditar as instrucións que sexan necesarias para desenvolver esta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2026

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Igualdade

CVE-DOG: 9krxkbo7-xso8-9wh3-pu38-4kf9868jj2



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO BS614B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

PREFIXO

OUTRO TELÉFONO

ENDEREZO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiarse en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL ENDEREZO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- ☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
- ☐ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

PARROQUIA LUGAR

DATOS DA PERSOA DEPENDENTE

TIPO NÚM. PAÍS EMISOR

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

Recoñecemento do grao de dependencia

- ☐ Si ☐ Non ☐ Si, con variación das circunstancias desde a valoración

Certificado do grao de discapacidade

- ☐ Si ☐ Non

Expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia?

- ☐ Si ☐ Non

MODALIDADE SOLICITADA

- ☐ Respiro no fogar ☐ Respiro nun centro de día ☐ Respiro nunha residencia



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADEANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐	Anexo II de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas (persoa dependente ou con discapacidade).			
☐	Anexo III de informe social conforme co anexo ou modelo unificado (ISU) relativo á persoa dependente.			
☐	Copia do contrato de prestación de servizos para a modalidade de respiro nunha residencia, que debe axustarse ao período subvencionable, asinado pola entidade responsable da residencia e pola persoa solicitante.			
☐	Copia do contrato asinado coa entidade prestadora do servizo de axuda no fogar ou contrato ou ampliación do contrato do persoal legalmente habilitado con formación específica en atención a persoas con necesidades especiais para a modalidade de respiro no fogar e asinado pola persoa solicitante e que debe axustarse ao período subvencionable.			
☐	Copia do contrato de prestación de servizos para a modalidade de respiro nun centro de día, que debe axustarse ao período subvencionable, asinado pola entidade responsable do centro de día e asinado pola persoa solicitante.			
☐	Informe médico relativo á persoa dependente segundo o modelo do Servizo Galego de Saúde, só naqueles casos nos que non exista recoñecemento do grao de dependencia.			
☐	Declaración responsable da persoa coidadora da situación de respiro ou descanso persoal.			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐	Certificado de grao de discapacidade da persoa dependente se non fose expedido pola Xunta de Galicia.			
☐	Declaración responsable ou documento que acredite oficialmente a situación ou vínculo familiar da persoa coidadora solicitante da subvención coas persoas atendidas.			

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Que non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Que está de acordo con actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e do Fondo Social Europeo.

7. Que coñece as obrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas no seu artigo 17.

8. Que a persoa solicitante se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo no que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia destes.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Consulta de datos de residencia con data da última variación do padrón da persoa solicitante	☐
Certificado de que a persoa solicitante está ao día do cumprimento das obrigas tributarias coa Administración da Comunidade Autónoma	☐
Certificado de que a persoa solicitante está ao día do pagamento coa Seguridade Social	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de que a persoa solicitante está ao día do pagamento de débedas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao devandito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos).



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE****ANEXO I**
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 31 de xullo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas económicas ás familias con persoas en situación de dependencia ou con discapacidade a través do programa Respiro familiar para persoas cuidadoras e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento BS614B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de **Xacobeo**  **2027**

Departamento Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade de

**XUNTA
DE GALICIA**

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

BS614B – PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran que foron informadas da incorporación dos seus datos ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por unha das persoas proxenitoras, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS DA PERSOA DEPENDENTE OU CON DISCAPACIDADE	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SIGNATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓÑOME Á CONSULTA	
		☐			DN/NIE da persoa dependente ou con discapacidade	☐	
	Consulta dos datos de residencia con data da última variación do padrón da persoa dependente ou con discapacidade				☐		
	CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN: ☐ Certificado do grao de discapacidade da persoa dependente expedido pola Xunta de Galicia				☐		

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao devandito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos).

Lugar e data

 , de de

Xacobeo 2027

Departamento Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade de XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO III

INFORME SOCIAL

Emitido por don/a , traballador/a social que presta os seus servizos en , localidade , teléfono núm. relativo á solicitude de para participar neste programa.

1. DATOS DA PERSOA DEPENDENTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	TELÉFONO	ENDEREZO
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA	
Cobertura sanitaria: ☐ Seguridade Social ☐ Outras			

2. CARACTERÍSTICAS DA PERSOA COIDADORA E DO GRUPO DE CONVIVENCIA

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación (coidador/a, parentesco...)	Discapacidade ou problemas de saúde
			☐ Si ☐ Non
			☐ Si ☐ Non
			☐ Si ☐ Non
			☐ Si ☐ Non
			☐ Si ☐ Non
			☐ Si ☐ Non

3. MOTIVOS POLOS QUE SOLICITA ESTE PROGRAMA

☐ Descanso da persoa coidadora	☐ Viaxe da persoa coidadora
☐ Enfermidade ou accidente da persoa coidadora	☐ Enfermidade ou accidente dun membro da unidade familiar
☐ Outros:	

4. OUTROS DATOS DE INTERESE RELACIONADOS CO OBOECTIVO DESTE INFORME

Outras problemáticas sociais ou de saúde da persoa coidadora ou dos membros da unidade familiar.

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

5. VALORACIÓN PROFESIONAL

CVE-DOG: 9krxkbo7-xso8-9wh3-pu38-4kf9868jj2



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao devandito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos).

SINATURA DO/DA TRABALLADOR/A SOCIAL

Lugar e data

 , de de Xacobeo  2027

Departamento Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade de



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO IV

SOLICITUDE DE PAGAMENTO
BS614B – PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS DA PERSOA DEPENDENTE POLA QUE SE SOLICITA A AXUDA

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Copia das facturas acreditativas dos gastos realizados a nome da persoa beneficiaria da axuda e onde conste expresamente a identificación (nome e DNI) da persoa atendida que recibe o servizo, o día e hora/s nos que se prestou e o nome e NIF da persoa, empresa ou entidade que emite a factura e prestou o servizo.
- ☐ Xustificantes bancarios que acrediten o pagamento da factura. Aceptarase a xustificación do pagamento en efectivo mediante un xustificante de recepción da persoa provedora asinado sobre a factura, con indicación do nome e apelidos de quen recibe os fondos e do seu DNI, para gastos inferiores a 1.000 euros, conforme o previsto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

Xacobeo  2027

Departamento Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade de

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>